

COUSAS DE cangas

Revista de
información local
nº1/ 2010




**CONSERVAS
ARTESANAIS
DE ALGAS**
| 4

**LUDOTECA MUNICIPAL
DE CANGAS**
| 8

**CANGAS REABRE O SEU
CLUB DE EMPREGO**
| 12

**UN BELÉN CON
MÁS DE 50 ANOS DE
TRADICIÓN**
| 14



Busca en Galicia a garantía de calidade e servizo



Q é unha certificación do Instituto de Calidade Turística Española que garante a calidade do servizo. Búscala en hoteis, balnearios, restaurantes, espazos naturais protexidos, casas rurais, axencias de viaxes e campamentos turísticos de Galicia...

Para máis información, chama ao **+ 34 902 200 432**

ÍNDICE

4	INNOVACIÓN
6	BREVES
8	TEMPO DE LECER
10	NENOS
12	EMPREGO
14	NADAL
18	AXENDA
20	DIRECTORIO
22	QUEN É QUEN

Nº 1/2010

Revista de información local
Xestión Publicidade:
981530200

Edita:
INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.
Rúa do Penedo, 1-baixo.
15706 Santiago de Compostela

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Fotografía:
Equipo, Agencia de Publicidad

Depósito Legal:
C 3539-2010

Distribución:
PUBLICITY

La empresa se reserva todos los derechos de la publicación, sin que pueda reproducirse total o parcialmente su contenido, sin el consentimiento previo de los editores.

CANGAS INNOVA: CONSERVAS ARTESANAIS DE ALGAS



Hai pouco máis dun ano, un grupo de catro amigos veciños de Cangas, Lucía, Loli, Tito e Pedro, empezaron a dar os primeiros pasos para poñer en marcha un proxecto empresarial innovador orientado a enlatar algas da ría, recollidas no Morrazo. Buscaron un nome, Artemar, para unha iniciativa na que é tan importante respetar a materia prima, o produto, como o proceso artesanal da conserva.

“O proxecto xurdíu porque coñeciamos o produto e nos gustaba, lembra Lucía Rodríguez, unha das socias fundadoras, pero vimos que no mercado non había un bo referente. Probamos co alga da nosa zona, fixemos diferentes probas e ao final conseguimos a calidade que buscábamos como consumidores”.



Como o obxectivo fundacional de Artemar é facer unha produción moi artesana e curta, o primeiro problema foi atopar un proveedor de latas, disposto a servir pequenas partidas de envases. Pero finalmente deron cun proveedor interesado no proxecto e no mes de maio empezaron a producir as primeiras latas. A distribución tamén é á medida, moi selectiva, moi limitada. De feito, de momento só poden atoparse as conservas de algas Artemar nun restaurante de Cangas, O Porrón; e en dous establecementos de Vigo, Bouquet e Casa Samaniego.

Eles compran as algas a través das confrarías da zona, trátase de algas salvas, non cultivadas. Neste momento, non se atreven a falar de previsións de crecemento “polo de agora estamos dándonos a coñecer no mercado e entre consumidores que descoñecían o potencial gastronómico das algas”,

segundo explica Lucía. Están en fase de ampliar a distribución na zona de Galicia e Asturias, así como no resto da zona norte.

En outubro, asistiron á feira de Slow Food de Turín, para promocionarse e valorar a acollida dos produtos fora do país.

As algas teñen unhas excelentes propiedades nutritivas, moi ricas en minerais e vitaminas, lixeiras e sabrosas. Aportan enerxía e son un excelente saciante. Teñen un alto contido en calcio, magnesio, potasio, fósforo e ferro. Son boas para previr a hipertensión, o hipertiroidismo e son antibacterianas. Cultivadas ou recolectadas directamente do mar, teñen sabor a iodo, pero tamén, segundo a variedade, saben a cogomelos, a caramelo, a herba, a conchas...

Para utilizalas en fresco hai que lavalas moi bien para limpar as áreas. Tamén se poden atopar no mercado algas secas, en sobres; basta con rehidratalas cinco ou dez minutos en auga fría. A principal vantaxe da súa presentación en conserva é que facilita moito o labor para o seu uso na cociña, non hai que limpar nin cocer, somentes abrir e xa están lista para preparar.

RECEITA: ARROZ CON ALGAS WAKAME

Ingredientes (4 persoas):

400 gr. de arroz redondo
1 kg. de mexillóns
6 langostinos
2 latas de Algas Wakame
1 cebola
1dl. de aceite de oliva
azafrán
1 pizca de sal

Preparación:

- 1.** Cocer os mexillóns nunha ola sen auga, e reservar o seu caldo.
- 2.** Saltear os langostinos durante un minuto a lume forte e despois aparta.
- 3.** Agregar o resto do aceite de oliva, rehogar a cebola durante 5 ou 6 minutos a lume suave, sen deixar que se dore. Botar os mexillóns sen concha, engadir o arroz e saltear. Verter entón as dúas latas de Algas Wakame co seu caldo e o caldo da cocción dos mexillóns.
- 4.** Espolvorear o azafrán e engadir un pouco de auga, se é necesario. Uns cinco minutos antes de que estea cocido o arroz, agregar os langostinos.

Letras vivas en novembro

As parroquias de Cangas disfrutarán este outono dun completa programación cultural.

O luns 22 de novembro Aldán acollerá as obras:
"A maxia dos soños" e "A illa dos nen@s".

O martes 23 en Coiro
"Palabras de chapeu. Contos para xogar".

Darbo contará con dous días de programación:
o mércores 10 "A historia de Martín" e "sin ton
nin son".

mércores 23 "A amizade é o maior tesouro" e
"Talytakumy".

Na parroquia de O Hío, o 16 de novembro terá
lugar:
"Sinda, Linda, Casilda, Simón e o demo Zacatón".

Todas as obras son ás 18.00 horas.



CLINICAS
VITAL DENT

DE CANGAS DESENVOLVE UNHA CAMPAÑA DE SAÚDE BUCODENTAL DIRIXIDA Á TERCEIRA IDADE



A clínica Vitaldent de Cangas, situada na Avenida de Vigo 158, está a levar a cabo unha campaña de saúde bucodental dirixida aos veciños de Cangas e Moaña, especialmente aos maiores.

"A terceira idade constitúe un grupo de pacientes con necesidades específicas, derivadas non só do grao de saúde oral que presentan, senón tamén porque moi frecuentemente devanditos problemas se asocian ou derivan directamente do seu estado de saúde xeral. É por isto que debemos prestar especial atención a este grupo de pacientes", cóntanos a doutora Beatriz Correa, unha das especialistas da clínica.

Por iso, este último trimestre do ano, a clínica dispuxo unha serie de vantaxes dirixidas aos maiores de 65, sendo máis relevantes en implantoloxía, para facilitar o acceso a tratamentos de reposición con pezas fixas. Ademais das xa coñecidas 24 prestacións gratuítas e do sistema de financiamento até 12 meses sen intereses e até 5 anos.

En Vitaldent Cangas podemos atopar profesionais de todas as especialidades polo que nos ofrecen un tratamento odontolóxico integral sen necesidade de ter que desprazarse, así como un persoal altamente cualificado para facer o máis agradable posible o seu tratamento.

CANGAS, CAPITAL GALEGA DO CÓMIC

Os seguidores dos cómics puideron disfrutar dunha nova edición do Salón do Cómic de Cangas do 23 ao 30 de outubro organizada polo Concello e a Asociación Cultural BD Banda, dirixida por Kiko Dasilva.

Este ano o certame celebrou a súa XIV edición en outubro a pesar de que tradicionalmente tiña lugar durante o verán, co obxectivo de achegarse ao público escolar.

As estrelas convidadas deste ano foron o dibuxante Bartolomé Seguí e o guionista Felipe Hernández Cava, ambos dos Premios Nacionais do Cómic 2009 pola súa obra "Las serpientes ciegas". Tamén participaron nesta edición os artistas David Rubín, Kike Benlloch e Jacobo e Norberto Fernández; todos eles formaron parte os días 29 e 30 dos encontros con aficionados e dunha mesa redonda sobre o cómic histórico, na que tamén participou Fran Jaraba.

A parte do cambio de data, a novidade este ano consistiu na participación dos centros educativos de María Soliño e Rodeira no Salón. Varios dos autores participantes mantiveron encontros cos estudantes e ademais leváronse a estes institutos exposicións das obras orixinais dos 14 carteis dos salóns realizados e do proceso creativo de «El boceto y el caos», unha das obras dos dous gañadores do premio nacional do cómic.

No Salón acolleu a exposición do traballo de David Rubín sobre Uxío Novoneyra; as viñetas presentadas ao certame deste ano e a mostra "A mellor banda do mundo", unha homenaxe ao cómic portugués "A pior banda do mundo".

Esta edición contou ademais con charlas, proxección de películas e presentacións de libros, así como da sección de cómic de dous editoriais, a canguesa Rinoceronte e Demo.



CERTAME DE BANDA DESEÑADA

O 30 de outubro tivo lugar a entrega de premios do Certame de Banda Deseñada, que se convoca paralelamente ao Salón. O xurado desta edición destacou a "calidade" dos traballos presentados, o que obrigou a crear un accesit na categoría de menores de 14 anos.

Na categoría A- de 18 a 35 anos - os tres primeiros premios foron para Pablo Álvarez Rosendo, Daniel Iglesias Padrón e Laura Vieitez que recibiron 300, 200 e 100 euros respectivamente. Na categoría B- de 14 a 17 anos- o gañador foi o cangués Juan Molina Fernández, que recibiu 100 euros. Finalmente, na categoría Viñeta Xove - menores de 14 anos- o xurado premiou a Marcos López García e a Miguel Collazo del Río. Ambos recibiron como premio sendos lotes de libros.

EL KIRIKO: OCIO PARA ESCOLARES E FAMILIAS, EN PLENA NATUREZA

En Fornelos de Montes (Pontevedra), no lugar de Soutosico, descubrimos El Kiriko, nun entorno natural de grandes zonas de bosque autóctono na ribeira do embalse de Eiras, no río Oitavén. O centro adicase a promover e fomentar o contacto coa natureza, a convivencia e o respecto aos animais, a través de actividades didácticas e lúdicas orientadas por profesionais do tempo libre e da educación. Ten capacidade para albergar ata 150 persoas de visita diaria e 110 en réxime de pensión completa, con aulas-taller, aula de audiovisuais, biblioteca, zonas de xogo, parque multiaventura, deportes e piscina.



Lucrecia María García Fernández, directora de El Kiriko

Como tiveron a idea de poñer en marcha esta iniciativa empresarial? Hai cantos anos?

Hai seis anos, en 2004. A iniciativa de crear un centro que reunise oferta educativa e de ocio nun entorno rural xurdiu despois dunha análise profunda da oferta e demanda e tras avaliar outras iniciativas similares en diferentes puntos de España. No ano 2000 comezamos a plasmar en papel a idea e pouco a pouco fomos dándolle forma ata chegar a configurar o proxecto definitivo.

Cal é o perfil dos grupos e escolares que máis demandan as súas actividades?

Inicialmente recibíamos maioritariamente grupos de Educación Infantil e primeiros ciclos de Educación Primaria, pero actualmente a oferta dirixida a ciclos superiores e mesmo de ESO estase consolidando. Actividades centradas, por unha parte, en educación ambiental e, por outra, en programas de aventura, son moi ben acollidas pola comunidade educativa para estes ciclos superiores.



Ofrecen programas e actividades para institucións. Pode explicarnos en que consisten?

Desde El Kiriko traballamos durante todo o ano elaborando programacións interesantes para diferentes colectivos, con contidos acordes coas súas necesidades. En ocasións son proxectos que saen do propio equipo educativo do centro, pero outras veces son as propias institucións as que nos solicitan un determinado contido que posteriormente desenvolvemos. En breve comenza, por 5º ano consecutivo, un programa de educación ambiental promovido pola Obra Social de Caixanova.

Como dan a coñecer a súa oferta aos centros escolares?

Invertimos anualmente, con gran esforzo económico, unha partida importante en marketing e publicidade, especialmente para centros escolares, asociacións culturais, deportivas e concellos. É vital e máis en tempos de crise, recordar que estamos vivos e que queremos seguir crecendo a pesar das vicisitudes económicas actuais. De feito, veñen grupos de toda Galicia e incluso temos grupos consolidados doutras zonas de España que veñen a pasar uns días. Falamos duns 15.000 escolares ao longo do pasado curso escolar.

Especialmente interesante é a adaptación da oferta a persoas con discapacidade. Qué tipo de programación organizan para elas?

Estes programas traballanse sempre con cada asociación, elaborando a programación segundo os seus requirimentos específicos, a tipoloxía do grupo, as idades, preferencias, etc. Creo que é unha experiencia tremendamente proveitosa e moi positiva.



El Kiriko

Ocio, Tempo libre e Educación ambiental

PROGRAMAS ESCOLARES

PROGRAMAS FIN DE SEMANA ABERTO

PROGRAMAS ESPECIAIS

PROGRAMAS PARA DISCAPACITADOS

SOUTOSICO, FORNELOS DE MONTES (Pontevedra)

HALLOWEEN 2010

Non o podedes perder...
Un fin de semana terrrrrrificcooo en El Kiriko.
Vamos kirikeros, quen se atreve?.....
Do venres 5 (entrada a partir das 18:00h)
ata o domingo 7 (saída ás 18:00h),
tres días cheos de sorpresas.
Inscripcións no teléfono 986 768600

www.kirikonatura.com

UNO Y TRINO EN CANGAS



O auditorio municipal de Cangas acolleu o pasado 29 de outubro a obra do humorista televisivo Quequé "Uno y Trino", a historia dun home que máis que cantar, trina como un reiseñor tratando de chamar a atención. O espectáculo combina unha coidada posta en escena cun variado repertorio de cancións e trata das surrealistas andanzas deste cómico que, tras o seu paso por TV, decide probar fortuna no mundo da música cun obxectivo moi claro: compoñer un hit e botarse a vivir; o que dentro do mundillo musical se coñece como "facerse un rickastley".

<http://www.unoytrino.com/>

<http://elpozodelostresdeseos.blogspot.com/>



EL POZO DE LOS TRES DESEOS CELEBROU O SEU 2º ANIVERSARIO CUN CONTACONTOS ESPECIAL

A librería infantil e xuvenil de Cangas El Pozo de los Tres Deseos celebrou o pasado 20 de outubro o seu segundo aniversario con diversas actividades co obxectivo de achegar aos máis cativos á literatura e ás artes.



**CALIDAD
COMPROMISO
PRECIO**

**Tu nueva tienda
en Cangas**

**SERVICIO A DOMICILIO
INSTALACIÓN Y PUESTA EN MARCHA
RETIRADA DEL APARATO USADO
FINANCIACIÓN A TU MEDIDA
EXTENSIÓN DE GARANTÍA**

986 302 824



Tiendas
ACTIVA
Garantía en electrodomésticos

ACTIVA JUANI

AVDA. DE BUEU, 7 • 36940 CANGAS • PONTEVEDRA • TEL: 986 302 824





ELECTRODOMÉSTICOS • TELEVISORES • HI-FI • TELEFONÍA • INFORMÁTICA • Y MUCHO MÁS...



CANGAS

MÁIS INFO E INSCRICIÓNS:
LUDOTECA MUNICIPAL

Rúa Real, 29
986392171



Concealería de Xuventude e Voluntariado
Concealería de Cultura e Educación

ludoteca@cangas.org



ACHÉGATE A TÚA

LUDOTECA

TODOS OS NENOS DE ENTRE 4 A 12 ANOS QUE RESIDAN EN CANGAS PODEN DISFRUTAR DA AMPLIA VARIEDADE DE ACTIVIDADES LÚDICO-EDUCATIVAS NO SEU TEMPO DE LECER NA LUDOTECA DA CASA DA XUVENTUDE.

AS ACTIVIDADES APÓIANSE NOS ALICERCES PRINCIPAIS EDUCATIVOS E DE LECER ACTUAIS, ONDE PRIMAN A EXPERIMENTACIÓN, A MANIPULACIÓN E O APRENDIZAXE CON BASE LÚDICA.

INSCRICIÓN

Os interesados en que os seus nenos asistan á ludoteca, deberán presentar a solicitude de inscrición na Casa da Xuventude. Así mesmo, abonarase unha cota de inscrición de 40 euros, que se fará efectiva no momento de entregar o formulario, ou entregando a metade no momento da inscrición e os 20 euros restantes o mes seguinte do comezo da actividade. A inscrición implica o dereito de participar nas actividades ordinarias propostas por este servizo, cun máximo de 6 horas semanais, que se poderán distribuír de luns a sábado.

HORARIO SEMANAL DE ACTIVIDADES

	16:00 – 17:00	17:00 – 18:00	18:00 – 19:00	19:00 – 20:00
LUN	RECICLAJE A PENSAR	XOGOS DINÁMICAS	ORRADOIROS	ORRADOIROS
MAIRES	RECICLAJE Só para nenos e nenas de 4 a 6 anos	ANIMACIÓN A LECTURA Só para nenos e nenas de 4 a 6 anos	ORRADOIROS Só para nenos e nenas de 4 a 6 anos	CANTOS, DANZAS E PSICOMOTRICIDADE Só para nenos e nenas de 4 a 6 anos
MÉRCORES	ANIMACIÓN A LECTURA	CANTOS, DANZAS E PSICOMOTRICIDADE	ANIMACIÓN A LECTURA	O BAÚL DOS RECORDOS
XOVES	MEDIATECA Para cativos de 4 a 12 anos	MEDIATECA Para cativos de 4 a 12 anos	MEDIATECA Para cativos de 4 a 12 anos	ORRADOIRO PELEQUELA DA XOGOS GRUPAIS Para cativos de 4 a 12 anos
VIÑERES	XOGOS DINÁMICAS	ORRADOIROS	ORRADOIROS	O BAÚL DOS RECORDOS

	11:00 – 12:00	12:00 – 13:00
SÁBADOS	CREATIVIDADE XOGOS PREDESPORTIVOS	ORRADOIROS REFUGALLO

- * PARA NENAS E NENOS DE 4 A 12 ANOS
- * SÓ 40 € DE COTA DE INSCRICIÓN.
- * ELIXE 6 HORAS Á SEMANA.
- * AS NENAS E NENOS DE 4 ANOS SÓ SE PODEN ANOTAR NAS HORAS INDICADAS.
- * AS ACTIVIDADES DOS SÁBADOS OU VIÑERES PODÉN VARIAR

PROGRAMACIÓN

O servizo da Ludoteca conta con actividades de carácter permanente (animación a lectura, xogos, etc.), ás que poderán acceder todos os usuarios, e outras de carácter específico (obradoiros, mediateca, animación a lectura, etc.) nas que só participarán as persoas que se inscriban nelas.

Ademais destas actividades, realízanse actividades extraordinarias que consisten en saídas culturais, celebracións e conmemoración de datas sinaladas ou a realización de talleres lúdico-culturais.

Para participar nestas actividades, os usuarios deberán entregar unha autorización debidamente cuberta por pais, nais ou tutores, que se lles facilitará previamente, e realizar o pago da cota se a houbese.





A Concellaría de Emprego e Desenvolvemento Local de Cangas abreu o pasado 22 de outubro a segunda edición do Club do Emprego, unha iniciativa da Axencia Municipal de Emprego para facer fronte ao alto índice de desempregados nestes tempos de crise. Dende o Club recópanse todos os días as ofertas de traballo da prensa e Internet na área metropolitana de Vigo e a zona de Pontevedra, ordénanse por sectores e perfís profesionais e remítense aos socios. A través deste recurso municipal ofrécese aos socios ademáis orientación laboral personalizada, o envío de direccións útiles para atopar traballo. Asimade o Club de Emprego ocúpase da elaboración ou da revisión do currículum e imparte cursos rápidos de dúas horas para aprender a utilizar a conta de correo electrónico e de motivación para buscar emprego. Os asociados beneficiaranse tamén de dereito preferente para utilizar a sala de ordenadores da Casa da Xuventude.

O Club de Emprego está concebido para un total de 400 cangueses de todas as idades que deberán inscribirse na Axencia de Emprego, situada en el Eirado do Sinal. O día da apertura inscribíronse xa un total de 221 persoas que acudiron á presentación.

Na actualidade o Club de Emprego conta xa con 34 empresas colaboradoras de Cangas, que lles pasan as súas oferta de traballo e agárdase que traballen tamén Vigo, Pontevedra e O Porriño.

PRIMEIRA EDICION- A primeira edición contou con 346 socios, 155 homes e 191 mulleres dos que 82 atoparon emprego, 41 homes e 41 mulleres. O perfil foi de persons sen titulación, sobre todo mulleres, moitos xóvenes, aínda que tamén houbo de máis de 50 anos, mesmo inmigrantes.



LA RECOMPENSA NO ESTÁ SÓLO AL FINAL DEL CAMINO



COCA-COLA PRESENTA SU BOTELLA DE ALUMINIO
DE EDICIÓN LIMITADA XACOBEO 2010.
DISFRÚTALA EN LOS BARES DE GALICIA.

Coca-Cola
destapa la felicidad



XACOBEO 2010
Galicia

www.begano.com

UN BELÉN CON MÁIS DE 50 ANOS DE TRADICIÓN

O popular Belén do cangués Francisco J. Martínez Prieto está case listo para abrir as súas portas un ano máis a todo aquel que se achegue ao seu domicilio familiar situado na rúa Berbetaña número 3 de Cangas.

Alí, no garaxe, recréase o tradicional nacemento cristián de xeito diferente cada ano para o disfrute de veciños e foráneos. De tradición belenista, a familia de Francisco leva máis de medio século (desde 1951) realizando estas obras de arte, da man do seu pai, -xa falecido-, que se pasaba os 365 días do ano pensando no seu Belén.

Segundo narra Francisco, "meu pai Francisco comezou en 1951 cando era xoven facendo un dun metro cadrado con figuras de 6 centímetros de barro. O Belén foi medrando ao mesmo ritmo que a familia; as figuras pasaron a ser de 12 cm. e de ortigas; o facíamos no salón de casa e era de 6 metros cadrados e xa con augacorrente. Xa nos anos 80 e 90 decidimos dar un salto de calidade moi importante ao Belén de casa; incorporámoslle figuras maiores de ata 21 cm, principalmente dos grandes maestros murcianos, Manuel Nicolás e Serrano; instalamos os primeiros motores a moliños e norias; as fogueiras imitando o lume; empezamos a traballar os xogos de espellos; montamos o "día e noite" e o seu tamaño pasou aos 25 m. cadrados que aproximadamente ten agora."

Actualmente é Francisco J. Martínez Prieto quen continúa con esta arte familiar que conta tamén coa colaboración desinteresada de veciños cangueses que fan posible esta recreación navideña na que as tradicionais figuras do pesebre -desde 8 cm. ata 21 cm.-, cobran vida na cidade na que naceu Xesús de Nazaret.

Os escenarios do Belén están realizados con diferentes materiais como o musgo natural, terra, pedras, corcho, augua, papel, cristal espellos, así como dotado de efectos especiais como as fogueiras, fume, moliños, vento, pucheiros, que lle dotan dun realismo máxico. Destacan complexos efectos luminosos que consiguen que o Belén ofrezca a aparencia de ser noite ou día segundo se queira. Os efectos sonoros permiten escoitar desde o bramido dunha vaca, o vento batendo sobre a roupa, o murmurio da auga que discorre por un regueiro que nace milagrosamente dunha montaña de corcho...

Este ano o tradicional Belén de Cangas poderase visitar do 19 de decembro ao 6 de xaneiro. A entrada é libre en horario de 17:00 a 20:30 horas



NOVIDADES 2010

O Belén, que tradicionalmente se situaba á beira dun lago, este ano atópase ao borde de dous ríos. Entre as principais novidades que incorpora este Nadal o belén de Francisco Martínez destaca, segundo el nos contou, "a segunda parte do pobo troglodita do ano pasado, no que prevalecerán unha serie de casas colgadas. Ademais sacaremos do baúl dos records, una antiga cidade que poñía meu pai alá polos anos cincuenta (obra do meu tío Mani), co primeiro efecto de luz que se poido ver no noso Belén".

Outras das novas incorporacións son tres grupos de figuras que elaborou en barro cocido este ano o belenista Martínez : unha nova sagrada familia, un encantador de serpes e unha viga romá composta por dos cabalos ao trote, carro e romano.



Para máis información: www.belendecangas.com

SABÍAS QUE?

A primeira celebración navideña na que se montó un belén para a conmemoración do nacemento de Jesús foi na Noiteboa de 1223, realizado por San Francisco de Asís nunha cova próxima á ermida de Greccio (Italia). A escena do nacemento de Cristo non foi representada con figuritas e miniaturas de obxectos cotiáns, como se fai actualmente, nin con persoas, aínda que para a ocasión San Francisco si utilizou animais. Celebrouse a misa nocturna acompañada dunha representación simbólica da escena do nacemento, mediante un pesebre (sen neno) co boi e a mula, baseándose na tradición cristiá e os Evanxeos apócrifos, así como na lectura de Isaías: "Coñece o boi ao seu dono, e o asno o pesebre do seu amo. Israel non coñece, o meu pobo non discierne" (Is. 1,3). Estes animais xa aparecen no pesebre do século IV, descuberto nas catacumbas da Basílica de San Sebastián de Roma, no ano 1877. Conta San Buenaventura na súa "Legende de Santi Francisci" que tras celebrar a misa o sacerdote sobre o pesebre (utilizándoo como altar), San Francisco cantou o Evanxeo e realizou a predicación sobre o nacemento de Cristo, fillo de Deus, en circunstancias tan humildes como as que naquel momento reproducíanse (é dicir, nunha fría noite de inverno, no interior dunha cova, resgardado no lugar onde comían os animais que, xunto ao Neno, o quentaban co seu alento, causando unha enorme emoción entre os asistentes, de tal forma que o señor do lugar, Juan de Greccio "asegurou que viu un fermoso neno durmido no pesebre, que o pai Francisco colleu nos seus brazos e fíxoo durmir". Suponse que tras esta primeira ocasión, que máis que un belén pode asimilarse a un drama litúrxico foise popularizando a instalación de beléns nas igrexas durante o Nadal, con figuras de terracota, cera ou madeira no canto de seres vivos.

IV Concurso de postais de Nadal

Do 1 ao 22 de decembro nenos de entre 3 a 15 anos poderán participar nesta nova edición do concurso de postais da rede de bibliotecas municipais de Cangas, onde se pode recoller as bases e o material. Todos os participantes recibirán un agasallo.

A MAXIA DO NADAL

Dentro da programación especial das bibliotecas parroquiais para este Nadal destacan os espectáculos de maxia, contos e marionetas, dirixidos tanto para os máis cativos como para o disfrute do público en xeral.

- LUNS 27 DE DECEMBRO ÁS 18.00 HORAS EN **ALDÁN**
"A VACA PALMIRA" E "TEATRO DE MARIONETAS TRÉCOLA",
- MARTES 28 DE DECEMBRO ÁS 18.00 HORAS EN **COIRO**
"LEDICIAS" E "A ILLA DOS NENOS",
- MÉRCORES 29 ÁS 11.00 HORAS EN **O HÍO**
"SEGURO QUE SABES O QUE É UNHA CARICATURA?"
- XOVES 30 ÁS 18.00 HORAS EN **DARBO**
"CONTOS DE NADAL" E "AS MARÍAS".



ICE AGE 3 EL ORIGEN DE LOS DINOSAURIOS

A PELÍCULA DO NADAL

O gran protagonista do Nadal nas bibliotecas de Cangas este mes de decembro será a exitosa película de animación “Ice Age 3. A orixe dos dinosaurios”.

O día 17 de decembro ás 18.00 horas proxectarase en O Hío, o luns 20 Aldán, o martes 21 en Coiro, o día 22 en Darbo.

Sinopse “Ice Age 3. A orixe dos dinosaurios”:

Scrat aínda está a tentar apoderarse do seu escurridiza landra (mentres que, posiblemente, atope o amor); Manny e Ellie esperan o nacemento do seu mamut; Diego, o tigre Dentes de Sabre, cuéstionase se se está volvendo un brando; e Sid, o perezoso, métese en problemas cando crea a súa propia familia ficticia raptando tres ovos de dinosauro. Co obxectivo de rescatar ao incorrrible Sid, a cuadrilla penetrarase nun misterioso mundo subterráneo onde se toparán con dinosaurios, loitarán contra a flora e fauna, correrán toleados e coñecerán a unha implacable donicela chamada Buck.



PROGRAMACIÓN CULTURAL

AGENDA CANGAS

Venres, 19 de novembro 21:00hs.

IN THE LOOP. Proxección cinematográfica en V.O.S.E.

Organiza: Cine Club Cangas

Venres, 26 e Sábado, 27 de novembro 21:00hs.

TEATRO DO MORCEGO. Presenta: **OS VELLOSO NON DEBEN DE NAMORARSE**

Entrada: 5€

Domingo, 28 de novembro 19:00hs.

FESTIVAL SOLIDARIO A FAVOR ADICAM

Venres, 3 de decembro 21:00hs.

ORQUESTRA DE SAXOS DO CONSERVATORIO DE REDONDELA

Concerto benéfico a favor da Asc. Santiago Apostol e a Fundación San Vicente de Paul

Entradas.- adultos: 5€ nenas e nenos: 3€

Venres, 10 de decembro 21:00hs.

TULPAN. Proxección cinematográfica en V.O.S.E.

Organiza: Cine Club Cangas

Sábado, 11 de decembro 18:00hs.

FESTIVAL BENEFICO A FAVOR DE "CARITAS CANGAS"

Venres, 17 de decembro 20:00hs.

CONCERTO DE NADAL DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE CANGAS

Entrada de balde

Sábado, 18 de decembro 19:00hs.

Musical EL LIBRO DE LA SELVA

Público infantil e familiar

Entrada: 15€

Domingo, 19 de decembro 20:00hs.

CONCERTO DE PANXOLIÑAS DE NADAL

Coa participación de agrupacións de música vocal de Cangas e a Banda de Música Bellas Artes

Entrada de balde

Domingo, 26 de decembro 20:00hs.

CORO YOUSEI (Xapón)

Formación coral de voces femininas xaponesas de recoñecido prestixio internacional, de xira por Europa.

Entrada.- Butaca: 20€ Anfiteatro: 17€

Mércores, 29 de decembro

Musical GREASE Tour - BRILLANTINA

Entrada.- Butaca: 23€ Anfiteatro: 21€

Xoves, 30 de decembro 19:00hs.

TEATRO DO MORCEGO.

Presenta: **SALTIMBANQUIS**

Público infantil e familiar

Entradas.- adultos: 5€ nenas e nenos: 3€

CINE

CICLO: NUEVO CINE ITALIANO

Do 21 de setembro ao 30 de novembro

Fundación Caixa Galicia - Pontevedra

I MOSTRA DE CINE DOCUMENTAL ALTERNATIVO DOCUTOPIA

Do 2 de novembro ao 4 de decembro

Espazo cultural Negra Sombra Blues, no Café Uf (Pracer, 19) Vigo

XXIV FESTIVAL CINEROUPEA

Ampla programación de máis de 130 películas: estreas recién saídas dos **mellores festivais e de filmes galegos en 2010**

Do 10 de novembro ao 3 de decembro

Santiago de Compostela

CONCERTOS

THE ZOMBIES

11 de novembro 22:00 horas

Sala Mondo -Vigo

ISMAEL SERRANO

11 de novembro 20:30 horas.

Centro Cultural Caixanova- Vigo

THE WAVE PICTURES

12 de novembro

Sala Mondo-Vigo

THE STRANGE BOYS

13 de novembro La Iguana Club - Vigo

ABA TAANO

14 de novembro 20:30 horas

Centro Cultural Caixanova- Vigo



PROGRAMACIÓN CULTURAL

DESBUNDIXIE

14 de novembro
Aala Aturuxo- Bueu

FITO Y FITIPALDIS

19 de novembro 21:30 horas
Multiusos Fontes de Sar- Santiago de Compostela

MIGUEL RÍOS

GIRA “BYE BYE RIOS ROCK HASTA EL FINAL”

20 de novembro
Coliseum- A Coruña

FUEL FANDANGO

26 de novembro 22:30 horas
Entrada 6 euros
Sala Aturuxo- Bueu

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1 de decembro
Auditorio Caixanova -Pontevedra

EXPOSICIÓNS

OS MUNDOS DE GONZALO TORRENTE BALLESTER

Ata o 14 de novembro
Museo de Pontevedra - Pontevedra

A Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester lembran ao autor de “Los gozos y las sombras” no centenario do seu nacemento coa exposición “Os mundos de Gonzalo Torrente Ballester”, que percorre a traxectoria vital e literaria do escritor a través de máis de 150 piezas (moitas delas inéditas) entre manuscritos, libros, artigos de prensa, cartas, fotografías, carteis, dibuxos e diversos documentos e obxectos persoais que nos achegan a súa iconografía persoal. A mostra que está comisariada por Carmen Becerra e Miguel Fernández-Cid, complétase co documental GTBxGTB.

PANO DE FONDO

Ata o 15 de novembro
Centro Social Caixanova - Pontevedra

Exposición que aborda o retrato realizado nos estudos galegos, centrándose dun xeito especial na primeira metade do século XX, período de extraordinaria riqueza neste aspecto. A base da mostra son os fondos que os fotógrafos colocaban tras os retratados no afán de idealizar que lle era propio á pintura da época. Desde humildes colchas a “panos” máis elaborados con paisaxes ou interiores de pazos, a exposición nos permite advertir a importancia deste elemento nas foto-

grafías. As imáxenes captadas falan da vida rural, a emigración, a presenza da morte, a incorporación da electricidade ou a presenza do teléfono na vida diaria.

NOSOTROS TAMBIÉN FUIMOS EMIGRANTES

Ata o 26 de novembro
Sede Náutica Caixa Galicia - Sanxenxo

As imaxes que recolle esta exposición, obtidas da fototeca da Axencia EFE intentan reconstruír os movementos migratorios que se produciron no noso país ao concluír a guerra civil. As emigracións forzadas da fame ou do exilio levarían a un bo número de españois a refuxiarse en países europeos e americanos.

EXPOSICIÓN “VIGO, A COR E A PALABRA”

Ata o 28 de novembro
Centro Cultural Caixanova- Vigo

Artistas vigueses aportarán obras para conmemorar o Bicentenario da Cidade. A oferta expositiva complétase cunha nova edición da *Wildlife Photographer of the Year 2010*, e a coprodución, co Museo do Mar, de *Fillos do océano*, d fotógrafo vigués Javier Teniente.

Miradas. Realidades, expresiones, tramas. Arte en Galicia desde 1975

Ata o 16 de xaneiro de 2011
Fundación Caixa Galicia - Pontevedra

O proxecto expositivo e editorial «Miradas», é unha iniciativa que sitúa as obras da colección baixo a perspectiva particular dos comisarios que toman parte nesta serie de catro mostras. Fernando Castro, Alfonso de la Torre, Fernando Huici e Iria Candela presentan unha coidada selección dos fondos da Colección Caixa Galicia, centrándose cada un en núcleos temáticos diversos pero complementarios.

Visitas para grupos, concertar no teléfono 982 289 096.
Visitas para público xeral, mércores ás 19.30 h.

Horario de apertura ao público:
De luns a sábado, 12-14 h e 18-21 h.
Domingos e festivos, 12-14 h.



SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE DE CANGAS

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Concello	986 300 162
Auditorio Municipal	986 304 108
Biblioteca municipal	986 304 126
Biblioteca de Darbo	986 302 283
Biblioteca de Hío	986 328 360
Biblioteca de Coiro	986 302 597
Casa da Cultura	986 304550
Casa da Xuventude	986392171
Of. Info. consumidor (OMIC)	986 392 268
Fundación Cangas Deporte	986 392 166
Centro de Benestar Social	986 392266
Oficina Voluntariado	986 39 21 71
Oficina Info Xuvenil	986 39 21 71
Centro Info. Muller (CIM)	986 39 22 68
Ax. Emprego e Desenv. Local	986 30 13 71
Ud. Asist. Drogodependentes (UAD)	986 303402
Oficina de Rehabilitación (PEPRI)	986307246
Organismo Autónomo de Turismo	986392023
Oficina de turismo do Peirao	986300875

URXENCIAS

Policía Local	986 303 031
Protección Civil	986 305 530
Centro de emerxencia.	
SOS Galicia 112 (Teléfono gratuito)	981 541 400
Servizo de Búsqueda e Salvamento Marítimo	981 544 070

EDUCACIÓN

Colexios de Ed Inf. de Cimadevila	986 302 280
C.E.I.P. "San Roque de Darbo"	986 301 453
C.E.I.P. de Hío	986 329 361
C.E.I.P. Cangas	986 302 793
I.E.S. de Rodeira	986 303 933
C.E.I.P. Espiñeira Aldán	986 329 509
C.E.I.P. "A Rúa"	986 303 918
C.E.I.P. Castrillón Coiro	986 301 273
A Retirosa	986 303 594
I.E.S. Montecarrasco	986 304 047
I.E.S. "María Soliño"	986 301 082
Centros privados concertados	
Sagrada Familia	986 329 575
Casa da Virxen	986 300 121
Compañía de María	986 300 580
Eduardo Pondal	986 303 032
Escola Municipal de Música	
Inocentes Camaño	986 304 158
Conservatorio Profesional de Música do Morrazo	986 304 158
Escola Municipal de Idiomas	986 392 267

TRANSPORTES

Colexios de Ed Inf. de Cimadevila	986 302 280
Taxis	986 300 761

Autobuses Cerqueiro

Estación de Autobuses de Cangas	986 300 111
Estación Marítima (Naviera mar de Ons)	986 225 272

Autobuses Monbus

Estación de Autobuses	986 300 122
Telf de Información ó viaxeiro	902 292 900

SAUDE

Centro de Saude Cangas	986 300 304
Centro de Saude Hío	986 329 202
Centro de Saude Aldán	986 329 234

Farmacias

Alonso de Lama	986 300 132
Farmacia Fornos Perez	986 302 748
Farmacia Perez-Colomer	986 300 141
Sanchez Rodriguez	986 300 973
Caamaño Santos	986 329 267
Farmacia Pilar Santos	986 328 325
Iglesias Lodeiro	986 328 438
Fandiño Lorenzo	986 302 464
Urxencias sanitarias	061





ORGANISMOS OFICIAIS

Pontevedra e provincia

Oficina de Turismo (Xunta de Galicia)	986 850 814
Oficina de Turismo O.A.L Turismo	986 842 690
Oficina de Turismo de Vigo	986 430 577
Oficina Municipal de Turismo de Sanxenxo	
Oficina Municipal de Turismo de Tui	986 601 789
Oficina Municipal de Turismo de Marín	986 880 300
Oficina Municipal de Turismo de O Grove	986 731 415
Concello Pontevedra	986 804 300
Deputación de Pontevedra	986 847 319
Seguridade Social Pontevedra	986 805 800
Depósito de Vehículos-Grúa Pontevedra	986 858 710
Xulgados	986 862 846
DNI e Pasaporte	986 852 408

Xerais

Rexistro Civil	986 833 018
Tribunal Constitucional	915 490 400
Insero	900 211 112
Instituto Nacional de Seguridade Social	986 805 800

EMERXENCIAS E FORZAS DE SEGURIDADE

Pontevedra e provincia

Emerxencias	112
Policia Nacional	091
Policia Local	092 / 986 851 972
Policia Autonómica	986 851 368
Garda Civil	062 / 981 167 800
Protección Civil	986 86 30 36 / 981 220 102
Cruz Vermella	1003 / 986 852 077
Bomberos	986 434 133 / 986 872 220
Salvamento/Seguridade Marítima	986 845 300
Servizo de Defensa contra Incendios Forestais	986 851 520

Xerais

Garda Civil Tráfico	986 855 654
Axuda en estrada	917 421 213
Teléfono Teleruta	900 123 505
Servizo de Atención ao Soldado e Mariñeiro	915 270 527
Oficina do Defensor do Soldado	915 769 225
SOS Galicia 112	900 444 222
Salvamento marítimo	900 202 202
Incendios Forestais	085
Garda Civil	062

SAUDE

Pontevedra e provincia

Urxencias Médicas	061
Hospital Provincial	986 855 500
Hospital Montecelo	986 800 000
Sanatorio Domínguez	986 856 800
Sanatorio Sta. Rita	986 854 400
Persoas Discapacitadas	986 865 538

Xerais

Axuda ao menor, S.O.S. Galicia	900 444 222
Centro de Transfusións Sanguíneas de Galicia	981 594 422
Asociación Española Contra o Cancro	900 100 036
Información sobre a Sida	900 111 000
Mulleres maltratadas	902 197 197

OUTROS ORGANISMOS

Fenosa (Averías)	901 380 22
Repsol Butano	900 506 070
Renfe (información xeral)	902 240 202
ONCE	981 206 900

AEROPORTOS

Peinador Vigo	986 268 200
Lavacolla Santiago	981 547 501
Alvedro A Coruña	981 187 200

ESTACIÓNS DE TREN

Pontevedra	986 851 313
Vilagarcía	902 240 202
Vigo	986 431 114
Santiago	981 820 202
A Coruña	981 150 202

ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

Sanxenxo	902 292 900
Pontevedra	986 852 408
Vilagarcía	986 507 723
Vigo	986 373 411

TÉLFONOS DE CANDELACIÓN DE TARXETAS BANCARIAS DE ESPAÑA

4B-VISA Electron-Master Card-VISA	902 114 400 / 913 626 200
Dinner's Club	902 401 112
Servired (VISA-VISA Electron-Master Card)	902 192 100
American Express	902 375 637
Red 6000	915 965 335
Caja Madrid	902 246 810
El Corte Inglés	901 122 122



RÚA ALFREDO SARALEGUI

Nacido nunha familia acomodada en Ferrol en 1883, Alfredo Saralegui da nome a unha rúa de Cangas, en recoñecemento á súa notable contribución ás melloras sociais e asociativas dos pescadores. Caracterizado por unha gran preocupación social, levou a cabo unha incansable actividade para fomentar a organización sectorial mediante o que inicialmente foron os pósitos de pescadores, que despois pasaron a ser as actuais confrarías.

Alfredo Saralegui Casellas é o verdadeiro artífice da creación dos primeiros pósitos de pescadores en España, a mediados do século XX, proxecto ao que dedicou unha intensa labor tanto nos portos como ante as autoridades, para convencer a uns e outros das bondades do asociacionismo.

Procurou apoios entre as autoridades e entre os propios pescadores, ata presentar en 1915 un proxecto para crear unha Asociación Protectora do Pescador. Asemade, desenvolveu un proxecto de Cooperativas para a Construcción e Mellora de Embarcacións Baratas, para facilitar a adquisición de embarcacións colectivas entre os pescadores de menos recursos.

En 1918, presentou o proxecto de creación da Caixa Central de Crédito Marítimo, aprobada en 1919, coa que se daba o espaldarazo definitivo ao funcionamento dos pósitos, que terían así fácil acceso á súa financiación. Tanto apoio representou a nova Caixa, que o número de pósitos foi crecendo en toda España, especialmente a partires de 1921.

Nos anos 30, a Caixa Central de Crédito Marítimo foi adscrita ao Ministerio de Traballo e Previsión, pasando a denominarse a partires dese momento Instituto Social da Mariña, a cuxo fronte estivo Alfredo Saralegui, como o seu fundador.

En 1944 os pósitos foron transformados en confrarías, continuando unha traxectoria que pon de manifesto que aquela estrutura asociativa para mariñeiros e pescadores, ideada por Saralegui, sigue vixente, case 100 anos despois da súa creación.

¡VIVE CANGAS!

GRANITOS 

FER-MAN

ELABORACION Y COLOCACION

TLF. 986 34 41 65 - PORRIÑO
Móviles: 607 83 93 06 - 607 91 93 06
www.granitos-fer-man.com
granitosferman@yahoo.es

Centro de Ensino SIGNOS

PRIMARIA, SECUNDARIA, UNIVERSIDADE. GRUPOS REDUCIDOS

OPOSICIÓNES: PRESENCIAL/
MODALIDADE A DISTANCIA ^{NOVO}

INFÓRMESE SEN COMPROMISO
formación@cesignos.com / www.cesignos.com
C/ Ferrol, 3-baixo. 36940 Cangas. 986 303 804

disfruta como
nunca de lo
último en ADSL

15,95€/mes

resto de cuotas 20.95€/mes

ahorra con
ventajas exclusivas
por ser cliente móvil

Internet Everywhere

orange™

y de las mejores tarifas de móvil



0€



habla con todos
y a todas horas

por sólo 30€/mes

C/ Eugenio Sequeiros, 16. Cangas. Tel.: 986 392 131



nombre y apellidos:		DNI:	fecha de nacimiento:	
nº de teléfono móvil:		operador móvil:		tarjeta ☐ contrato ☐
tiene Telefónica: si: ☐ no: ☐	nº de teléfono fijo:	tiene ADSL: si: ☐ no: ☐	operador ADSL:	

[illegible]



CLINICAS
VITAL DENT



PORQUE ESTÁS EN BUENAS MANOS

Más de 4 millones de pacientes confían en nosotros

Radiografía, diagnóstico
y presupuesto gratis*

Cangas de Morrazo

**Avd. de Vigo 158,
986 392 082**

PRÓTESIS - ORTODONCIA - ESTÉTICA DENTAL - CIRUGÍA E IMPLANTES - ODONTOLOGÍA GENERAL

* Radiografía gratis en diagnóstico inicial, diagnóstico gratis excepto urgencias con receta